


ENCONTRO

O patrimonio musical en Galicia: os órganos

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 23 de marzo de 2017



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Case todas as antigas igrexas da nosa Galicia teñen tamén espírito de museo persoal. Falan as fachadas nas linguas propias dos seus estilos; entoan as naves salmos de pedra e brillan de ouro vello os retablos, que demandan comunicación plena con quen contempla a obra artística, que non é completa namentres non nos achegamos aos órganos coetáneos, que foron igualmente deseñados para elas de xeito propio, coas súas estruturas e recursos establecidos de acordo cos gustos e posibilidades de cada momento, que lles confiren unha linguaxe fónica inimitable nas súas cores e capacidades sonoras, logradas grazas ao traballo de excelentes artesáns que traballaron arreo tras de moitos aforros e ilusións.

O noso particular clima de profunda humidade, a fauna e a flora que lle corresponden e as penurias dos tempos foron labrando un triste carreiro, que coincidiu coa diminución de recursos económicos para facerlles fronte e, mesmo, coa falla prolongada de organistas e organeiros. Por iso, parece necesario xunguir o interese de cantos nos sentimos parte activa dos nosos tesouros artísticos coa vontade e recursos das administracións públicas e particulares, para recuperar un patrimonio arquitectónico e musical que precisa tamén darlle pulo á formación de organistas, que se poidan facer cargo da custodia amais de facer soar os nosos instrumentos. A maioría deles calados hoxe, por mor das dificultades dun momento, que comezou hai xa moito tempo.

Imaxe da portada: Arquivo da Fundación Caja Madrid (2000). Plan Director do Conxunto Catedralicio de Tui

PROGRAMA

16:30 horas
Presentación

16:45 horas
O órgano, entre o ceo e a terra
Oscar Valado Domínguez, director do Departamento de Música Sacra da Arquidiocese de Santiago de Compostela

17:30 horas
Ao redor da singularidade do Órgano Ibérico
Roberto Fresco, organista da Catedral de Santa María la Real da Almudena de Madrid e profesor de Órgano do Centro Superior Katarina Gurska de Madrid

18:15 horas
Descanso

18:30 horas
A fábrica, coro e órgano nas catedrais e basílicas. Unha arquitectura aparelhada pola luz e pola música
Iago Seara, arquitecto

19:00 horas
Mesa redonda
Oscar Valado
Roberto Fresco
Iago Seara
M^a Soledad Mendive Zabaldica, profesora de órgano do Conservatorio de Ourense

ORGANIZA

Sección de Música e Artes Escénicas (CCG)

COORDINA

Enrique Jiménez

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705. Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



**CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**